

Programa de Educación Cívico-Tributaria



Agencia Tributaria

O propósito desta presentación é explicarlles aos adolescentes con idades comprendidas entre os 13 e 16 anos, o sentido e a finalidade dos impostos. A presentación ten un obxectivo didáctico e aínda que o seu contido técnico sexa correcto, non se pretendeu que fora excesivamente precisa. Por iso, fálase en xeral dos impostos e non se entra a distinguir entre os distintos tipos de tributos. Así mesmo, cando se tratan as pensións, indícase xenericamente que estas se financian mediante as achegas dos traballadores e dos empresarios e mediante os impostos. O profesor adaptará a presentación ás peculiaridades do grupo concreto e ao tempo previsto para esta.

O individuo



Os seres humanos temos moitas necesidades para poder vivir.

¿Poderíamos vivir sen comer, sen roupa que nos abrigue, sen unha casa onde resgardarnos, etc?

A comida, as roupas e a vivenda foron e son desde sempre as necesidades máis elementais de toda persoa. Pero a nosa vida non só xira ao redor da satisfacción das necesidades máis básicas e elementais. Os seres humanos vivimos en grupo porque, para vivir en mellores condicións, é máis sensato e eficiente asociarse.



Vivir en comunidade con outros seres humanos proporciona moitas vantaxes. Quen vive en grupo, benefíciase do que achegan os demais, pero tamén ten que contribuír el coa súa parte ao resto do grupo. Por iso, xa nos grupos humanos máis primitivos, existía unha certa especialización das funcións e das tarefas (por exemplo, os cazadores, os agricultores, os oleiros, os curandeiros, etc.), onde uns puñan á disposición dos demais aquilo que sabían facer mellor e, a cambio, beneficiábanse dos bens e servizos que os outros puñan á disposición de todos.

Resulta que con esa asociación se melloran moito as condicións de vida e, ao mellorar estas, emerxen novos desexos e novas necesidades cada vez máis sofisticadas. Para satisfacelas, aparecen novas funcións e novas tarefas. Co paso do tempo, chega un momento en que o mero intercambio de bens e servizos dentro do mesmo grupo xa non serve para satisfacer as necesidades dos humanos, e así aparecen os cartos e o comercio. Tamén xorde a industria e se desenvolve o sistema de transportes e de comunicacións. Ademais, os contactos entre as diversas asociacións e os grupos humanos amplíase. A vida faise máis rica, pero tamén máis complexa. Paralelamente, as formas de organización social tamén se volven máis complexas.

O normal, desde hai moito tempo, é que unha soa persoa pertenza a varios grupos sociais. Ao mesmo tempo, as persoas teñen máis responsabilidades, tantas como grupos aos que pertencen. Con independencia de todas as asociacións ou grupos ás que cadaquén voluntariamente queira adherirse, o habitual é que un pertenza a unha familia; que á vez sexa membro dun municipio, que está nunha provincia e nunha Comunidade Autónoma, que sexa cidadán dun Estado e que sexa tamén cidadán da Unión Europea.

Necesidades individuais

Vivenda

Roupa

Alimentación



Dende hai moito tempo, os humanos vendemos por cartos o produto do noso traballo e con eses cartos compramos o que necesitamos. Así é como satisfacemos as nosas necesidades individuais máis básicas.

Necesidades colectivas



Colexios



Xardíns



Bibliotecas



Pensións

Normalmente, unha persoa nova que non traballa é atendida nas súas necesidades individuais máis básicas pola súa familia. A familia é unha comunidade de persoas de distintas xeracións. Unhas persoas ocúpanse de atender as necesidades das outras. Por iso, hai solidariedade entre as distintas xeracións dunha mesma familia (avós, pais, fillos, netos, etc.) Ademais, en sociedades tan complexas como as nosas, a familia soa non pode facelo todo. Necesita a axuda e o complemento doutras institucións.

Existen, ademais, outras necesidades que son de todos. Son necesidades públicas, colectivas, cuxa satisfacción esixe o esforzo colectivo porque cada persoa ou cada familia por separado non tería capacidade nin recursos suficientes para financiarlas. Por exemplo: ter as rúas ben pavimentadas; facer unha rede de auga potable e de sumidoiros; dispor de enerxía eléctrica e de teléfonos; ter un bo servizo de bombeiros; construír estradas, vías do tren e aeroportos para ir de un sitio a outro; dispor dunha rede de ambulatorios e hospitais con médicos e médicas, enfermeiros e enfermeiras, para atendermonos cando estamos enfermos; contar cunha rede de centros educativos cuns profesores capacitados para que todos poidan estudar; sabermos que temos un servizo para a defensa das nosas casas e das nosas propiedades por se alguén nos ataca, etc. Todas estas cuestións deben ser abordadas entre todos. A axeitada satisfacción das necesidades colectivas, mediante uns bens e uns servizos públicos básicos, permite unha vida civilizada, digna e xusta nas sociedades actuais.


Necesidades colectivas



Para satisfacer estas necesidades colectivas, existen las Administraciones Públicas, como la Unión Europea, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Delegaciones Provinciales, los Concellos e otras, que se encargan de planificar los gastos de los servicios públicos que se prestan y de los que gozan los ciudadanos. Pero para poder pagar estos gastos, las Administraciones Públicas tienen que obtener unos ingresos o recursos, que proceden de los ciudadanos. Para eso, elaboran unos presupuestos. Es decir, que vistas a las necesidades que hay y cuánto cuesta satisfacerlas, comprueban con qué recursos cuentan para pagarlas.



As Administracións Públicas preparan os presupostos igual que o facemos cada un de nós para saber canto podemos gastar en función dos cartos que temos e do mesmo xeito que fai a nosa familia e se fai na nosa comunidade de veciños.




Os presupostos que elaboran as Administracións Públicas son os presupostos públicos. Os presupostos públicos constan de dous tipos de partidas, unha de gastos públicos e outra de ingresos públicos. A maior parte dos ingresos públicos procede dos impostos que pagan os cidadáns, consonte ás leis tributarias vixentes.

En España, os representantes elixidos polos cidadáns aproban cada ano no Parlamento ou Cortes Xerais unhas contas que se chaman Presupostos Xerais do Estado, que teñen rango de lei. Esta lei é moi importante porque autoriza o Goberno a conseguir ou a recadar determinados ingresos e a realizar determinados gastos e, dese xeito, poder satisfacer as necesidades colectivas durante todo o ano seguinte á súa aprobación. As demais Administracións Públicas tamén elaboran os seus presupostos; é dicir, fan as contas de ingresos e de gastos e co que recadan fixan unhas metas ou obxectivos para satisfaceren determinadas necesidades das persoas que viven no ámbito da súa competencia.

Por iso, o Concello, a Comunidade Autónoma e o Estado recadan uns impostos e distribúen os cartos que recadan nunha serie de partidas de gasto público.

Gasto Público en España




* Últimos datos consolidados publicados 2009
Fonte: Intervención Xeral da Administración do Estado

As partidas de gasto público máis importantes son: a sanidade (centros de saúde, ambulatorios, hospitais), a educación (colexios, institutos, universidades), as pensións (para as persoas maiores que xa non traballan), as obras públicas (estradas, portos, aeroportos, canalizacións de auga e desaugadoiros, rede eléctrica, telefónica), xustiza e seguridade (xuíces, policía).

Gastos Públicos do Estado. Ano 2012


311.776 millóns de euros

Servizos públicos básicos 5,74%



Presupostos Xerais do Estado 2012

Ingrsos Públicos para o ano 2012



Presupostos xerais do Estado 2012

Os impostos forman un sistema, que se chama sistema tributario, onde por lei se determina que impostos recada cada unha destas Administracións e como se redistribúen entre elas o total dos cartos recadados de todos os cidadáns, conforme as necesidades que atende cada institución, segundo determina a lei.

A comunidade de veciños



Como xa vistes, facer un presuposto é unha cuestión moi importante. Cómpre saber que necesidades se teñen, canto custan e con que cartos se conta para pagalas. Por exemplo:

Seguramente moitos de vós vivides nun piso que está nun edificio. Ese edificio ten zonas comúns, ten tellados, tubaxes de auga e de desaugadoiro, ascensores, etc.

¿Sabedes que unha casa non só é mercala senón que tamén hai que mantela?
¿Sabedes que os veciños teñen que pagar unha cota para pagalos gastos comúns máis necesarios (auga, luz, ascensor, pintura do portal e das escaleiras...)? ¿Pensades que todos os veciños teñen que pagar o amaño das goteiras do tellado, o ascensor (inda que vivan no primeiro), a luz común, a pintura das escaleiras e o portal? ¿Sabedes como se deciden os gastos e as obras? ¿Sabedes que hai veciños que non pagan os recibos da comunidade, é dicir os gastos comúns, non porque non teñan cartos senón porque non queren? Tamén hai prestacións que non teñen retribución algunha e que dan molestias, quitan tempo, etc., como por exemplo, presidir a comunidade de veciños ¿Credes que alguén pode negarse a asumir esa responsabilidade?

Ensino público

2011-2012

Máis de **1.174.906** alumnos de ESO en centros públicos e máis de **608.950** en centros concertados.

Máis de **496.407** profesores de centros públicos.

Un posto escolar de ESO custa anualmente máis de **6.508** euros.

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social e Deporte

Agora imos falar dos colexios e dos institutos:

¿Gustaríavos ter un ordenador para cada un na clase? ¿Considerastes canto custa iso? ¿Canto vale un ordenador? ¿Cantos sodes na clase? Pois multiplica.

¿De onde cres que saen eses cartos? Pois se rompen os pupitres, se hai que pintar o colexio, etc., imaxina como se van obter cartos para iso.

¿E para as demais clases? Multiplica o número de alumnos por clase e polo que custa un ordenador ¿E para todos os colexios da túa cidade? Multiplica e verás. ¿Pensaches no que custa todo isto?

Sanidade pública



2011

Case **226.424** médicos e máis de **268.309** diplomados en enfermería

Máis de **338** hospitais públicos con máis de **107.816** camas.

Máis do **88%** da poboación utiliza exclusivamente a sanidade pública.

Fonte: Instituto Nacional de Estatística.

Pasemos a outra cuestión:

¿Algún de vós estivo enfermo ultimamente? Ou ben ¿alguén da vosa familia? Imaxínade o que habería que pagar se en España non houbera atención sanitaria gratuíta.

¿Sabedes que non se paga todo o prezo das medicinas senón soamente unha porcentaxe?

¿Algún fixouse nas películas doutros países onde cando unha persoa enferma, a súa familia ten que vender a casa, etc., porque alí non teñen esta cobertura sanitaria?

¿Sabedes que vós non ides ter enfermidades que si teñen rapaces doutros países (cólera, varíola, polio...) porque aquí se vacina a todos os nenos?

Bibliotecas públicas

2011



Máis de **5.442** bibliotecas públicas en España

Máis de **1.000** museos públicos

Máis de **53 millóns** de préstamos domiciliarios de libros, revistas, algúns DVD e CD, etc

Fonte: Instituto Nacional de Estadística.

¿Sabedes que nas bibliotecas todos os cidadáns podemos consultar e/ou ler libros, revistas, navegar na internet, ler a prensa, tomar prestados CDs, DVDs..., é dicir, acceder á cultura, á actualidade, ao ocio... sen ter que gastar cartos?



Case **25.633** km de estradas do Estado

Máis de **590** millóns de viaxeiros e case **21 millóns** de toneladas de mercadorías por ferrocarril. **Fonte:** Ministerio de Fomento e Instituto Nacional de Estadística

¿Sabedes cantos quilómetros de estradas do Estado hai en España? Todas estas estradas hai que coidalas, mantelas e reparalas. Porque podería darse o caso de que se non, poderíades ter coche pero que este avanzara a paso de burro por causa do mal estado das estradas.

¿Sabedes cantas persoas e mercadorías viaxan ao ano polo ferrocarril en España?

¿Imaxinádesvos indo en carromatos porque non puidesen circular os coches e os trens por falta dalgunhas desas infraestruturas?

¿Sabedes que a modernización das estradas en España foi posible grazas aos cartos que as Administracións Públicas investiron na súa construción e ás axudas que a Unión Europea ofreceu ao noso país?

2011

Pensiones públicas

Aproximadamente, o **17%** da poboación ten máis de 65 anos.

Máis de **8,8 millóns** pensionistas da Seguridade Social, incluíndo as pensións contributivas e as non contributivas.

Fonte: Instituto Nacional de Estadística



Outra cuestión. Seguramente moitos de vós teredes avós.

¿Quen ten avós? ¿Traballa algún deles? ¿Algún deles cobra unha pensión? Imaxínade por un momento que non tiveramos bombeiros, policía, gardas civís, xuíces, etc. ¿Como credes que sería a vida? ¿Cres que son uns cartos ben gastados os que pagamos cos impostos para ter esa seguridade?

Polo tanto, para que se poidan custear os distintos bens e servizos públicos que acabamos de ver (educación, sanidade, pensións, estradas, servizo de bombeiros, policía, etc.), todos deberíamos pagar os impostos, porque quen non o fai, deixa de ingresar cartos ao fondo público común, ao fondo de todos e prexudica os demais.

É posible que algún de vós se crea que, porque é novo, non ten nada que ver co Presuposto Público nin cos impostos.


Pois xa vistes que si tedes moito que ver co Presuposto Público, sobre todo polo que corresponde aos gastos públicos. Pero non creades que con iso se acabou todo porque resulta que, inda que non volo pareza, tamén vós estades pagando impostos. Ou sexa, que vós, inda que non traballedes e gañedes un soldo, tamén sodes contribuíntes. Xa que hai varias clases de impostos.

Impostos indirectos



Por exemplo, ¿algún de vós sabe que cada vez que comprades unha bolsa de patacas, un bolo, uns pantalóns, unhas zapatillas ou un CD, cada vez que ides ao cine, que subides a un tren ou a un autobús, recargades unha tarxeta do teléfono móbil, estades pagando impostos? ¿Como se lles chama a esta clase de impostos?

Son os impostos sobre o consumo. O máis coñecido deles é o IVE (Imposto sobre o Valor Engadido), seguramente soaravos. Este é un imposto que se paga cada vez que se compra algo (ben sexa un ben ou un servizo)



O que pasa é que un non se decata porque normalmente está dentro do prezo. Se vos fixades hai moitos tickets que desagregan o importe do IVE e noutros está incluído no prezo (no ticket pon “IVE incluído”). Pois é para que o que compra algo se decate do que está pagando e de que quen llo vende ingresa na Agencia Tributaria o IVE para que o comprador non teña que facelo.

Os empresarios e os profesionais deben cobrarlles o IVE aos seus clientes para logo ingresalo na Axencia Tributaria. Pero, quen paga o IVE son as persoas que consomen os bens ou servizos adquiridos aos empresarios ou profesionais. Hai produtos e servizos polos que non hai que pagar o IVE (por exemplo, os servizos sanitarios). Hai outros produtos e servizos polos que se paga menos IVE (por exemplo, o pan, os libros). O IVE é un imposto indirecto.

O IVE, inda que non o pareza, aplicábase dende moi antigo e con el adoitábanse gravar todas as compras e vendas de bens que se realizaban nas feiras e mercados das cidades e vilas. Denominábase “alcabala”.

Dende sempre, o IVE foi un imposto cunha gran potencia recadatoria. Por iso, hoxe en día as Comunidades Autónomas participan nun 35% na recadación deste imposto.


Ademais do IVE hai outros impostos, como os que gravan determinados produtos coma o alcohol, o tabaco, a cervexa, a gasolina, etc.



O imposto sobre a renda (IRPF) é un imposto que pagan as persoas segundo os cartos que gañan. Así, quen gaña máis, paga máis e quen gaña menos, paga menos, e incluso as persoas que teñen só o xusto para poderen vivir, non pagan nada. Esta é a diferenza máis importante co IVE, do que antes falamos, pois no IVE, todos pagamos o mesmo cando compramos algunha cousa.

Na declaración do IRPF, o que se coñece como a declaración da renda, débese incluír o soldo que se gaña ou os beneficios que se obteñen se un é o seu propio xefe (por exemplo, un electricista, un fontaneiro, unha avogada, etc). Tamén teñen que incluírse os intereses das contas bancarias que se obteñen, os alugueres que se cobran no caso de ter algún piso arrendado, a ganancia que obtivemos ao vender unha casa, etc.

En conclusión, débense incluír todos os ingresos que se tiveron durante o ano anterior. Así, as declaracións da renda, que se presentan entre o 2 de maio e o 30 de xuño, refírense ao que se gañou durante o ano pasado.



Na declaración da renda, como dicíamos, inclúese toda a renda obtida durante o ano.

Esa renda será neta, é dicir, de cada rendemento que a compón restaríanse previamente os gastos deducibles que estableza a normativa. Desá renda réstanse tamén outras cantidades, denominadas "reducións".

Estas cantidades veñen dadas por certos gastos que teñen as persoas e que o lexislador considera que han de fomentarse e protexerse por atender a situacións de dependencia e envellecemento (achegas a plans de pensións, a sistemas de previsión social constituídas a favor de discapacitados, pensións compensatorias en caso de divorciados, cotas por afiliación a sindicatos e partidos políticos,...).


No imposto sobre a renda, cada persoa paga en razón da renda que percibiu, é dicir, é un imposto progresivo.

Para garantir a progresividade establécese unha escala cuns tramos e tipos que se aplicarán á renda obtida polo contribuínte.

Xa vimos que a esa renda se lle restan as reducións; tamén hai outras cantidades que por destinarse a satisfacer as necesidades básicas persoais e familiares do contribuínte, non se someten a tributación por este imposto. Para a determinación desta cantidade, "mínimo persoal e familiar", teranse en conta situacións como a idade do contribuínte (se é maior de 65 ou 75 anos), o número de fillos que convivan con el ou situacións de discapacidade.

Pois ben, a cada tramo de renda aplícanse os tipos da escala do imposto, pero só tributará a de renda que exceda do mínimo persoal e familiar.

Progresividade



Polo tanto, o Imposto sobre a renda é un imposto que intenta ser moi xusto. Por unha banda, quen gaña máis, paga máis imposto sobre a renda e, ademais, paga máis en proporción, de modo que poida compensarse a parte dos que pagan pouco porque gañan pouco (a isto chámase progresividade do imposto). Pola outra banda, con independencia do que se teña pagado, todos temos o mesmo dereito a gozar das estradas, dos parques, dos hospitais, dos colexios e dos demais bens e servizos públicos.

Os impostos páganos todos os cidadáns. Iso é de xustiza. Pero como non todos os cidadáns gañan os mesmos cartos, todos non pagan a mesma cantidade en concepto de impostos. Pagan máis os que máis diñeiro teñen. Isto é solidariedade.

Logo, con eses cartos, as Administracións Públicas poñen a disposición de todos os bens e servizos públicos e as prestacións sociais que, loxicamente, son máis necesarias para quen ten menos recursos. Esta é a función distributiva que teñen os impostos. Permitir que, cos cartos achegados de maneira solidaria, todos os cidadáns poidan acceder ás cousas máis básicas para vivir de maneira digna e civilizada.

É o mesmo que pasa nunha familia. Uns gañan máis diñeiro e outros menos; incluso hai quen non gaña ningún cartos. Pero non importa. Faise un fondo común solidario para que todos os membros da familia teñan o que necesitan. Pois o mesmo pasa nas Administracións Públicas (Concello, Deputación Provincial, Comunidade Autónoma, Estado). Os cidadáns pagan os seus impostos, e logo hai uns procedementos para que os cartos recadados financien as necesidades de quen vive nos distintos sitios (por exemplo, o Fondo de Compensación Interterritorial).

E tamén pasa o mesmo no mundo. Por exemplo, España pertence a unha entidade supranacional que é a Unión Europea. Pois España tamén achega a cantidade que lle corresponde, xunto con Francia, Italia, Alemaña, etc., para que todos os países europeos poidamos ter unha serie de necesidades comúns cubertas coas contribucións solidarias de todos. E como nin España nin a Unión Europea están soas no mundo, tamén achegan solidariamente unhas cantidades aos organismos internacionais (Nacións Unidas, por exemplo) para axudarlles aos países que teñen problemas.

O público é de todos



Por iso, quen non respecta os bens e os servizos públicos, quen os estraga ou os utiliza mal prexudícase a si mesmo e aos demais. Porque isto non é gratis. Está pagado cos cartos de todos. E cando se estraga, hai que esperar a recadar máis cartos para repoñelo. Entrementres, todos quedan sen o que un egoísta e insolidario estragou.

Entre todos



Tamén quen non paga os impostos que lle corresponden prexudícase a si mesmo e aos demais. Porque o que el non pon son cartos que se restan do que se necesita para pagar os bens e servizos necesarios para todos. Estas son condutas que hai que castigar e corrixir, porque son ilegais, egoístas e insolidarias.

Quen non paga os seus impostos é coma quen se apunta a un grupo para facer un traballo en equipo e non fai a súa parte. Naturalmente, alguén do grupo ten que traballar dobre para que, ao final, a todos lles poñan a mesma nota.


Pois o mesmo pasa cos impostos. Para que outras persoas non paguen o que outra deixou de pagar, a Axencia Tributaria ten que descubrir quen non paga, facer que pague o que evadiu e, polo tanto, facer que rectifique a súa conduta.

Quen non paga os seus impostos é coma quen non fai a súa parte nun traballo en equipo. Alguén do grupo ten que traballar dobre para que, ao final, a todos lles poñan a mesma nota. Pois o mesmo acontece cos impostos. Hai que descubrir quen non paga e facer que pague o que evadiu, e mesmo poñerlle unha multa, para que non o volva facer.

Contra a fraude fiscal. Prexudícanos a todos

Defraudador

Sancións, embargos



A persoa que non paga ao fondo común o que lle corresponde para pagar os servizos públicos comete “fraude fiscal”. Se todas as persoas pagaramos o que nos corresponde, habería moito diñeiro para vivir todos mellor.

Ademais, só quen paga poderá protestar cando considere que os cartos de todos se deberían utilizar máis para algúns gastos do que para outros.

Cando se sabe que unha persoa non paga o que debe (“o defraudador fiscal”), obrígaselle a facelo, penalízase con sancións e multas. Se non paga os impostos que debe e as multas, pódenselle embargar os seus bens (a casa, o coche, a moto, a tele, etc.) e os cartos que se obteñen da venda dos seus bens empréganse para cancelar as súas débedas de impostos.



O organismo responsable no Estado de recadar os impostos é a AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA (AEAT), máis coñecida coma a Axencia Tributaria.

Cita previa para a confección da declaración da renda



Dúas son as misións fundamentais que ten encomendadas:

- Por unha banda, axudar o contribuínte a cumprir coas súas obrigas tributarias.
- Pola outra, intentar evitar que a falta de solidariedade dalgúns supoña unha carga maior para o resto, é dicir, loitar contra o fraude fiscal.

A Axencia Estatal da Administración Tributaria na Internet

The screenshot shows the homepage of the Agencia Tributaria website. At the top, there is a navigation bar with links for 'Ministerio de Hacienda e Administración Pública', 'Facilidade autonómica e local', 'Facilidade non residentes', and 'Ligazóns de interese'. Below this, there are tabs for 'Agencia Tributaria', 'Cidadáns', 'Empresas e profesionais', and 'Colaboradores'. A search bar is located on the right side. The main content area features a central banner with 'Así melloramos todos' and several highlighted sections: 'planes de repatriación e info contra fraudes', 'Renda e Patrimonio 2011', and 'Sociedades 2011'. There are also sections for 'Interésale coleccionar', 'Novidades na aplicación dos tributos', and 'Acceda directamente' with a list of services like 'Calendario do contribuínte', 'Canxións', 'Canxións IIR e ámbito fiscal', etc. The footer includes 'Internet local | Modo protección desactivado' and the time '4:13:22'.

Na páxina web da Axencia Tributaria www.agenciatributaria.es pódese atopar moita información e tamén se poden facer moitos trámites relacionados cos impostos (pódese presentar a declaración da renda, pagar os impostos, etc).

Programa de Educación Cívico-tributaria



Confiamos en que agora teñades máis claro para que serve pagar os impostos e LEMBRARDE:

“Todos temos necesidades individuais, que satisfacemos cada un cos nosos cartos, pero ademais temos outras colectivas, que un a un non poderíamos pagar. Para iso, realízanse achegas a un fondo común. Estas contribucións fanse fundamentalmente mediante o pagamento dos impostos. Con eles cóbrense os gastos precisos para establecer e manter os servizos públicos que necesitamos e que queremos para gozar dunha mellor calidade de vida”.